

ANEXO III

As memorias técnicas dos proxectos deben conter, necesariamente, os seguintes apartados:

1. Datos básicos do proxecto: Nome do proxecto ou empresa.
2. Datos básicos do/s promotor/es: nome, apelidos, DNI, CP, teléfono de contacto, domicilio, data de nacemento e enderezo electrónico.

A entregar e cumprimentar individualmente para cada un dos promotores, no caso de ser dous ou máis.
3. Datos básicos do proxecto: nome da empresa, CIF, domicilio, forma xurídica prevista, data prevista de inicio de actividade, número total de postos de traballo a crear, número de socios, persoal contratado, enderezo electrónico, teléfono de contacto e datos da persoa de contacto.
4. Descrición do proxecto e presentación dos promotores:
 - 4.1. Presentación do/s promotor/res: formación, experiencia laboral, situación laboral, CV, etc.
 - 4.2. Características do proxecto: como nace a idea, en que consiste, localización prevista, investimento inicial previsto, etc.
5. Descrición do produto ou servizo.
 - 5.1. Descrición das características principais do produto ou servizo.
 - 5.2. Necesidades que cubre.
6. Mercado.
 - 6.1. Clientes que van mercar o produto/servizo.
 - 6.2. Competencia.
 - 6.3. Outros aspectos do mercado a ter en conta: provedores, regulación legal.
7. Recursos Humanos.
 - 7.1. Postos de traballo a crear.
8. Forma xurídica prevista para a nova empresa.
9. Investimentos e financiamento. A maiores, axudas e subvencións aplicables no caso de obter financiamento mediante esa vía.
10. Gastos e ingresos previstos para o tempo solicitado de acollemento temporal.
11. Plan de empresa (Plan económico-financieiro do proxecto empresarial).

Posible esquema dun Plan de Empresa (Proxecto empresarial)

1.- Obxectivos do proxecto empresarial e presentación da promotores

- Definición das características xerais do proxecto a poñer en marcha
- Resume do proxecto: investimento total, recursos propios e alleos, proxección de vendas, resultados estimados, localización ...
- Prestación dos promotores: formación, experiencia empresarial ...

2.- A actividade da empresa: o produto ou o servizo

- Definición das características do produto ou servizo que vai ser obxecto da actividade da empresa.
- Mercado ao que vai dirixido e necesidades que cubre.
- Características diferenciadoras respecto dos produtos ou servizos da competencia.
- Normas que regulan a fabricación ou comercialización do produto ou a prestación do servizo.
- Protección xurídica.

3.- O mercado

- Definición do mercado ao que se dirixirá o produto ou o servizo: dimensión, localización, consumo, estrutura, tipo de clientes, mercado real e mercado potencial.
- Previsións de evolución no mercado.
- A competencia: identificación das empresas competidoras, características das mesmas, posición no mercado, vantaxes/inconvenientes do produto ou servizo cos da competencia, reacción desta ante a entrada da nova empresa.
- Participación prevista no mercado.

4.- A comercialización

- Presentación do produto ou servizo.
- Determinación do prezo de venda.
- Penetración no mercado; canles de distribución, rede comercial ...
- Accións de promoción; publicidade, catálogos, descontos ...
- Previsión de vendas.



5.- A produción

- Determinación do proceso de fabricación.
- Selección de instalacións e equipos necesarios.
- Aprovechamento; materias primas, provedores, subministracións básicas ...
- Xestión de stocks, materias primas, produtos intermedios ...
- Control de calidade.

6.- Localización

- Criterios de localización.
- Terreos, edificios e instalacións.
- Comunicacións e infraestrutura.
- Axudas públicas para a localización.

7.- As persoas

- Postos de traballo a crear.
- Distribución por categorías e asignación de responsabilidades.
- Perfiles das persoas para contratar; coñecementos, experiencia ...
- Selección das persoas.
- Formas de contratación.
- Previsións de crecemento do emprego.

8.- A financiación

- Necesidades económicas do proxecto; recursos propios e alleos, axudas públicas.
- Identificación e selección de fontes de financiamento.
- Plan financeiro; proxecto de investimentos, previsión de tesourería, conta de resultados provisional, balance provisional ...
- Rendibilidade do proxecto.

9.- Aspectos formais do proxecto

- Elección da forma xurídica.
- Trámites administrativos a realizar.
- Obrigacións da empresa; contables, fiscais, laborais ...